



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**Lugar:** casa do concello

**Data:** 13 de xaneiro do 2016

**Hora de comezo:** 20.35 horas

**Hora de remate:** 22.05 horas

### **ASISTENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato  
Don Manuel Fernández Munín  
Dona María del Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Dona Ana María Seijo Mosquera  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Don Alejandro Bermúdez Devesa  
Don Xabier Canabal Fernández  
Dona María del Carmen Soutullo Carolo  
Don Perfecto Barcala Mosquera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros/as que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación do plan de aforro e investimentos 2016 da Deputación Provincial da Coruña**
- 3. Recoñecemento extraxudicial de facturas 2015**
- 4. Modificación ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos**
- 5. Nomeamento tesoureiro municipal, coordinador de obras e servizos e secretaria interventora accidental**

- 6. Non subrogación de persoal**
- 7. Información da alcaldía**
- 8. Moción número 24 do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón**
- 9. Rogos e Preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1. Aprobación da acta anterior**

Comeza a sesión desexando feliz ano tanto o señor alcalde como o señor Canabal, e sen máis co voto a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 10 de decembro do 2015

### **2. Aprobación do plan de aforro e investimentos 2016 da Deputación Provincial da Coruña**

Con data 30 de decembro de 2015 a Deputación Provincial aprobou as bases reguladoras do plan de aforro e investimentos 2016. O referido plan execútase mediante a concesión de préstamos sen xuros coa finalidade de cooperar na redución do endebedamento e na realización de infraestruturas de competencia municipal.

Ao Concello de Boqueixón correspóndenlle 190.085,67 €. O concello deberá aplicar á redución do seu endebedamento como mínimo o importe resultante de aplicar ao préstamo asignado a porcentaxe do seu nivel de endebedamento. O préstamo provincial resultante poderá destinalo a reducir máis débeda ou ben á realización de investimentos.

A 5 de xaneiro de 2016 o préstamo pendente que ten o concello ascende a 329.813,50 €, e os ingresos correntes netos recadados no exercicio 2014 ascenden a 2.769.523,80 €, polo que o nivel de endebedamento deste concello é do 11,91%.

Tendo en conta que o plan permite aplicar a totalidade do préstamo concedido pola deputación, á redución do endebedamento que o concello ten coa entidade bancaria ABANCA.

Tendo en conta que o préstamo que se conceda pola deputación terá as seguintes características:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia
- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do 2018 nos meses de xuño e novembro
- Se o concello non devolve o importe que corresponda no prazo establecido, a deputación poderá aplicar á compensación coas entregas a conta da recadación ou calquera outra cantidade que a deputación teña que aboar ao concello.

proponse ó Pleno participar neste plan e destinar o importe á cancelación do préstamo bancario.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “En canto a esta cuestión, anunciamos o noso voto favorable mais queremos facer algunha precisión.

Non nos parece adecuado que a Deputación faga préstamos aos concellos. É unha operación certamente curiosa (por non dicir rara), e que por outro lado tampouco resolve os problemas financeiros estruturais que moitos concellos padecemos. O noso posicionamento sobre as deputacións é clara. A súa desaparición.

Por outro lado, unha cuestión tamén a valorar, e que expoñemos tanto á deputación como ao Pleno deste concello. Con este plan os concellos non reducen o seu endebedamento, senón que este endebedamento cambia de mans, da banca pasa ás mans doutra administración. Polo tanto non se pode falar de redución do endebedamento, posto que non é unha transferencia da deputación ao concello, senón un préstamo provincial. Polo tanto, a única vantaxe é a redución dos xuros; o monto da débeda queda tal cal.

O concello de Boqueixón segue mantendo a débeda tal cal, coa diferenza de que unha parte do préstamo, no canto de deberllo a Abanca, vai a pasar a deberllo á deputación. Así, xunto coa parte do ano pasado, o Concello de Boqueixón vai pasar a deberlle á deputación 262.455,49 € co seguinte cadro de amortización sen xuros:

<b>ANOS</b>	<b>PAI 2015</b>	<b>PAI 2016</b>	<b>TOTAL</b>
<b>TOTAL</b>	<b>72.369,82 €</b>	<b>190.085,67 €</b>	<b>262.455,49 €</b>
2016	- €	- €	<b>0,00 €</b>
2017	9.046,23 €		<b>9.046,23 €</b>
2018	9.046,23 €	23.760,71 €	<b>32.806,94 €</b>
2019	9.046,23 €	23.760,71 €	<b>32.806,94 €</b>
2020	9.046,23 €	23.760,71 €	<b>32.806,94 €</b>
2021	9.046,23 €	23.760,71 €	<b>32.806,94 €</b>
2022	9.046,23 €	23.760,71 €	<b>32.806,94 €</b>
2023	9.046,23 €	23.760,71 €	<b>32.806,94 €</b>
2024	9.046,23 €	23.760,71 €	<b>32.806,94 €</b>
2025	- €	23.760,71 €	<b>23.760,71 €</b>

Deste xeito queremos deixar claro:

1. O concello non reduce a súa débeda, como hoxe pode verse en titulares dalgún periódico, e como ten manifestado o alcalde. O único que cambia é a quen se lle deben os cartos.
2. O Concello de Boqueixón aforrará unicamente os xuros da parte do principal que se amortizará do préstamo de Abanca. E en canto á cantidade dos xuros que se aforran non serán maior aos 5.000 € que están ozamentados para o presente 2016. Así que deses 21.000 € que lin en algún lado, nada de nada.
3. En terceiro lugar queremos deixar claro que esta proposta da alcaldía é unha emenda ao feito polo PP no 2015, e que foi advertido polos dous concelleiros que daquela exercíamos a oposición municipal. Dicíamos daquela que co investimento escollido a débeda municipal subía, posto que daquela pasaban 72.369,82 € do préstamo de Abanca ao préstamo coa deputación pero

incrementaban en 122.331,54 € a débeda municipal, cuestión pola que con toda probabilidade entraremos en desequilibrio orzamentario no pasado exercicio. Advertíámolo daquela e unha vez teñamos a liquidación do exercicio 2015 poderán comprobar o que dicíamos daquela.

Concluía o ano pasado coas seguintes verbas que quero recordalas hoxe: *“Tería senso, dende o punto de vista municipal aproveitar toda a achega para limitar a débeda, pois Boqueixón aforrará os cartos dos xuros, podendo con estes financiar outras necesidades. Mais aproveitar este plan para incrementar a débeda e hipotecar aos futuros gobernos é, aparte de irracional, raír todas e cada unha das leis que os seus gobernos promulgaron, mais polo que parece, co obxectivo último de manterse no poleiro”*.

Poden ver señores concelleiros do PP, que neste lado da bancada somos consecuentes co que dixemos. Outros, claro está, non podedes dicir o mesmo, posto que tedes que cumprir as ordes que vos mandan. Aí a diferenza duns, e dos outros”.

O señor Fernández Munín di que aínda que nas bases se sinala “redución de endebedamento”, non se refire en xeral a todas as débedas senón tan so á débeda bancaria.

Segue dicindo o señor Fernández Munín, que aplicar este préstamo da deputación á redución do préstamo bancario, ten a vantaxe de que se reducen os xuros porque o préstamo da deputación é sen xuros.

Sen máis procedese coa votación, e cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1º) Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2016” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
ABANCA	0320-67-738-8	190.085,67
<b>TOTAL</b>		<b>190.085,67</b>

B) Inversións financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
	0	0	0

<b>TOTAL</b>	0	0	0

C)Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	190.085,67
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	0
<b>TOTAL</b>	<b>190.085,67</b>

2º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda.

3º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4º) Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### 3. Recoñecemento extraxudicial de facturas 2015

Neste momento, cando son as 20:45 entra no salón de plenos o concelleiro don Jesús Sanjuás Mera.

Dáse conta das facturas de “Gas Natural Servizos”, correspondentes aos custos de electricidade da ETAP de Orto, correspondentes aos períodos desde 27 de xullo 2015 ata 31 de outubro de 2015, para o seu recoñecemento e aboamento con cargo ao presuposto 2016.

A continuación o señor Canabal di que “Volvemos ao rito de todos os anos, e non pode ser doutra forma que diga o mesmo que veño dicindo todos os anos. Non co afán de que reconsideren o seu voto, xa sei que non poden, senón simplemente para que conste en acta.

Para os concelleiros que sexan máis novos, dicirlle que estas facturas chegarán ao longo do primeiro período do ano, ata os plenos de maio ou xullo. Dicirlle tamén, por se o seu grupo non os informa deste extremo, que isto non é porque as facturas chegaran tarde, senón porque se están aprobando gastos que non estaban orzamentados nos orzamentos de 2015 (o cal é claramente ilegal) e todo iso, pese ás 3 modificacións orzamentarias que tivo o orzamento de 2015.

Dicir tamén que esta figura está contemplada na Lei como excepcional, á vez que irregular. Moi brevemente:

- O propio Consello de Contas de Galicia, ten reflectido no informe de fiscalización a este concello que “o recoñecemento extraxudicial de créditos é

reflexo dunha situación de deficiente xestión municipal que trata de dar solución á existencia de obrigas de pago sen crédito orzamentario”.

- Aínda que como é lóxico, esta figura existe e aparece dentro da lexislación referida ás facendas locais, está permitido “excepcionalmente” pola lei como medida de protección dos intereses de terceiros (é dicir, en protección dos fornecedores deste Concello).
- Mais a súa aplicación, e así está recoñecido na xurisprudencia e nos diversos informes do propio Consello de Contas de Galicia, “supón unha quebra do propio concepto de orzamento e dos principios de anualidade e especialidade cualitativa e cuantitativa”.

Se analizamos o grao de “excepcionalidade” vemos que no Concello de Boqueixón non se cumpre:

- Dende o ano 2000 o Concello de Boqueixón recoñeceu extraxudicialmente 3.318.129,58 €, o que supón un promedio (2000 – 2014) de 219.687,81 € movidos dun ano para o seguinte.
- No pasado ano 2015 este pleno aprobou por esta figura excepcional 338 facturas por un importe de 119.306,46 €.

Deixo a continuación o relatorio (de momento) dos recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o ano 2000, simplemente para a súa incorporación á acta desta sesión.

<b>ANO</b>	<b>REC</b>
<b>2000</b>	51.086,03 €
<b>2001</b>	210.354,24 €
<b>2002</b>	276.465,57 €
<b>2003</b>	211.948,54 €
<b>2004</b>	471.508,78 €
<b>2005</b>	127.291,12 €
<b>2006</b>	223.040,71 €
<b>2007</b>	196.060,25 €
<b>2008</b>	748.239,16 €
<b>2009</b>	290.082,17 €
<b>2010</b>	131.816,17 €
<b>2011</b>	62.955,19 €
<b>2012</b>	95.765,04 €
<b>2013</b>	79.397,65 €
<b>2014</b>	119.306,46 €
<b>2015</b>	22.812,50 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.318.129,58 €</b>
<b>PROMEDIO 2000 – 2014</b>	<b>219.687,81 €</b>

Obvio pois recordarlle que isto racha o principio de anualidade do propio orzamento, e que despois do dito nestes anos, fan recoñecementos extraxudiciais de crédito masivos a sabendas de que é un acto irregular e ilegal. E sen que vexamos que este feito se vaia corrixir. Non sabemos, iso si, se é que non poden, se é que non saben, ou se simplemente perderon as súas habilidades.”

O señor Fernández Munín di que se o presuposto está esgotado pero as facturas existen e proceden, o lóxico é recoñecelas e aboalas.

O señor alcalde di que as últimas modificacións de crédito que se efectuaron axudarán a reducir o importe das facturas a recoñecer extraxudicialmente.

Por outra parte, segue dicindo o señor alcalde, con motivo da prestación directa do servizo de abastecemento a partir deste 1 de xaneiro, tivemos que adquirir subministro, polo que se esgotaron máis facilmente as partidas. Non obstante, seguiremos tratando de reducir as facturas que se deban recoñecer extraxudicialmente.

Di o señor Canabal, que se é así alégrase porque o leva solicitando dende o ano 2005.

Procédese coa votación e cos votos en contra do grupo Veciñ@s e a favor do PP acórdase:

1. Aprobar as seguintes facturas domiciliadas e xa aboadas:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Gas Natural Servicios SDG SA – Custo electricidade 27/06/15-31/08/15 ETAP de Orto	161.221.00	12.961,42
2	Gas Natural Servicios SDG SA – Custo electricidade 01/09/15-30/09/15 ETAP de Orto	161.221.00	4.908,92
3	Gas Natural Servicios SDG SA – Custo electricidade 01/10/15-31/10/15 ETAP de Orto	161.221.00	4.942,16

2. Imputalas ás correspondentes partidas do presuposto xeral municipal 2016.

#### **4. Modificación ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos**

O pleno celebrado o 18 de abril de 1994 aprobou a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

A ordenanza regula taxas por expedición de documentos administrativos varios que no momento actual de crise resultan demasiado gravosas para a veciñanza e pola contra a súa eliminación non supoñen un gran déficit para as arcas municipais.

Segue dicindo o señor alcalde que en principio incluíanse as certificacións catastrais que como concello adherido ao punto de información catastral, poden solicitar os cidadáns. Neste momento, a ordenanza regulaba a tarifa 0 € para os veciños de Boqueixón e 15 € para os bens doutros concellos.

Con respecto a esta tarifa, secretaría – intervención, emite o informe con data 12 de xaneiro de 2016 que a continuación se transcribe:

“Antecedentes:

*Proponse ao pleno a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, na cal se inclúen as certificacións catastrais gratúitas para os veciños de Boqueixón e previo aboamento de 15 € para os habitantes doutros municipios que os soliciten.*

### Fundamentos Xurídicos:

1º. – A Constitución Española establece:

- a) No artigo 9 → que os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao restante Ordenamento xurídico.
- b) No artigo 14 → que os españois son iguais ante a Lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou **calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social**.
- c) No artigo 133 → Que a potestade orixinaria para establecer os tributos corresponde ao estado mediante Lei.  
As corporacións locais, poderán establecer e esixir tributos, de acordo coa constitución e as Leis.

2º. – A Lei reguladora das facendas locais establece:

- a) No artigo 2 → que as facendas das entidades locais estará constituída polos seguintes recursos:
  - Ingresos procedentes do seu patrimonio e demais do dereito privado.
  - **Tributos propios, clasificados en taxas**, contribucións especiais e impostos...
  - Participación en tributos estado e Comunidade Autónoma.
  - Subvencións.
  - Operacións de crédito.
  - Multas e sancións.
  - Os percibidos en concepto de **prezos públicos**.
  - Demais prestacións de dereito público.
- b) No artigo 4 → Que a efectividade dos **dereitos privados**, levarase a cabo con suxeición ás normas e procedemento do dereito privado.
- c) No artigo 6 → Que **os tributos** que establezan as entidades locais ao abeiro do artigo 106.1 da Lei de bases de réxime xurídico local, respectarán, en todo caso, os seguintes principios (entre outros):
  - Non someter a grávame **bens situados**, actividades desenvolvidas, rendementos orixinados nin gastos realizados fora do territorio da respectiva entidade.

3º. – O artigo 106 da Lei de bases de réxime local establece:

- a) Que as entidades locais teñen autonomía para establecer e esixir tributos de acordo co previsto na lexislación do estado reguladora das facendas locais.
- b) Que a potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria exerceranse a través das ordenanzas fiscais.

### Informe:

A emisión de certificacións catastrais literais e descritivas e gráficas, a instancia de parte, son documentos incluídos na regulación prevista no apartado 4.a) do artigo 20 da lei reguladora das facendas locais, e polo tanto, constitúen unha taxa e en consecuencia un **tributo**.

Por este motivo, o concello pode establecer unha taxa pola emisión destes certificados sobre os bens situados en Boqueixón.



Así mesmo, en canto aos bens non situados en Boqueixón, e previa solicitude dos seus propietarios, poderán emitirse estes certificados ao estar o concello adherido ao punto de información catastral (PIC) e de acordo coa Resolución do 24 de novembro de 2008 da Dirección Xeral do Catastro pola que se aproba o réxime de funcionamento da oficina virtual do catastro (OVC) e dos PIC

Consecuentemente, o concello en virtude da súa propia potestade regulamentaria ( que non lexislativa, porque non a ten), pode establecer as taxas que estime procedentes (dentro das reguladas no art.20 da Lei de facendas locais) pero sempre respectando as Leis e a Constitución.

A Constitución, como se indica no fundamento xurídico 1º, establece que todos somos iguais ante a Lei.

A Lei Reguladora das Facendas Locais, no seu artigo 23 establece que son suxeitos pasivos das taxas, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003 de 17 de decembro, que é de aplicación a todas as administracións tributarias en virtude e co alcance que se derive so artigo 149.1, 1º, 8º, 14º e 18º da Constitución española.

### Conclusión:

O concello non pode impoñer taxas con tarifas diferentes segundo os suxeitos pasivos residan e estean ou non empadroados no municipio, inda que si se poden ter en conta as bonificacións ou exencións que a propia lei establece.

No caso de bens situados fóra dos límites territoriais do concello, tampouco se poden establecer diferentes taxas, neste caso, posto que o concello está adherido ao P.I.C.

Este é todo o que teño que informar. Non obstante o pleno decidirá.

En consecuencia, esta alcaldía propón eliminar da ordenanza (enviada con data 08/01/2016 aos concelleiros para a súa aprobación neste pleno) o apartado das certificacións catastrais.

Por último, segue dicindo o señor alcalde e facendo unha comparativa coa ordenanza actualmente vixente, resulta:

1. Que se adaptan as tarifas eliminando os céntimos e establecendo reducións á baixa.

ANTIGUA ORDENANZA	NUEVA ORDENANZA																												
<table border="0"> <thead> <tr> <th>Documentación</th> <th>TARIFA</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Desafectación de camiños a instancia de parte</td> <td>61,62 €/unidade</td> </tr> <tr> <td>Certificación urbanística a instancia de parte</td> <td>41,08 €/unidade</td> </tr> <tr> <td>Informes urbanísticos a instancia de parte</td> <td>30,81 €/unidade</td> </tr> <tr> <td colspan="2">Certificación de acordos municipais:</td> </tr> <tr> <td>1. Do ano en curso</td> <td>1,02 €</td> </tr> <tr> <td>2. De anos anteriores</td> <td>3,08 €</td> </tr> </tbody> </table>	Documentación	TARIFA	Desafectación de camiños a instancia de parte	61,62 €/unidade	Certificación urbanística a instancia de parte	41,08 €/unidade	Informes urbanísticos a instancia de parte	30,81 €/unidade	Certificación de acordos municipais:		1. Do ano en curso	1,02 €	2. De anos anteriores	3,08 €	<table border="0"> <thead> <tr> <th>Documentación</th> <th>TARIFA</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Desafectación de camiños a instancia de parte</td> <td><b>60 €/unidade</b></td> </tr> <tr> <td>Certificación urbanística a instancia de parte</td> <td><b>40 /unidade</b></td> </tr> <tr> <td>Informes urbanísticos a instancia de parte</td> <td><b>30€/unidade</b></td> </tr> <tr> <td colspan="2">Certificación de acordos municipais:</td> </tr> <tr> <td><b>1.</b> Do ano en curso</td> <td><b>1 €</b></td> </tr> <tr> <td><b>2.</b> De anos anteriores</td> <td><b>3 €</b></td> </tr> </tbody> </table>	Documentación	TARIFA	Desafectación de camiños a instancia de parte	<b>60 €/unidade</b>	Certificación urbanística a instancia de parte	<b>40 /unidade</b>	Informes urbanísticos a instancia de parte	<b>30€/unidade</b>	Certificación de acordos municipais:		<b>1.</b> Do ano en curso	<b>1 €</b>	<b>2.</b> De anos anteriores	<b>3 €</b>
Documentación	TARIFA																												
Desafectación de camiños a instancia de parte	61,62 €/unidade																												
Certificación urbanística a instancia de parte	41,08 €/unidade																												
Informes urbanísticos a instancia de parte	30,81 €/unidade																												
Certificación de acordos municipais:																													
1. Do ano en curso	1,02 €																												
2. De anos anteriores	3,08 €																												
Documentación	TARIFA																												
Desafectación de camiños a instancia de parte	<b>60 €/unidade</b>																												
Certificación urbanística a instancia de parte	<b>40 /unidade</b>																												
Informes urbanísticos a instancia de parte	<b>30€/unidade</b>																												
Certificación de acordos municipais:																													
<b>1.</b> Do ano en curso	<b>1 €</b>																												
<b>2.</b> De anos anteriores	<b>3 €</b>																												

<p><b>Busqueda de documentación no arquivo :</b></p> <p>1. Do ano en curso 1,02 €</p> <p>2. De anos anteriores 3,08 €</p>	<p><b>ELIMINOUSE</b></p>
<p><b>Dereitos de exame</b></p> <p>Exame para prazas encadradas no grupo A</p> <p>ou asimilado 18,48 €</p> <p>Prazas do grupo B ou asimilado 16,43 €</p> <p>Prazas do grupo C ou asimilado 14,37 €</p> <p>Prazas do grupo D ou asimilado 12,32 €</p> <p>Prazas do grupo E ou asimilado 10,27 €</p>	<p><b>Dereitos de exame</b></p> <p>Exame para prazas encadradas no grupo A</p> <p>ou asimilado <b>18 €</b></p> <p>Prazas do grupo B ou asimilado <b>16 €</b></p> <p>Prazas do grupo C ou asimilado <b>14 €</b></p> <p>Prazas do grupo D ou asimilado <b>12 €</b></p> <p>Prazas do grupo E ou asimilado <b>10 €</b></p> <p><b>EXENTAS AQUELAS PERSOAS QUE ESTEAN EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO</b></p>
<p><b>Planos, fotocopias e documentos técnicos</b></p> <p>Compulsa de documentos, por folio 1,00 €</p> <p>Fotocopias . . .0,10 €</p> <p>Documentos por impresión ..0,21.€</p>	<p><b>ELIMINOUSE</b></p>
<p><b>Outros documentos</b></p> <p>Bastanteo de poderes 10,27 €</p> <p>Outros informes non comprendidos en apartados anteriores 3,08 €</p> <p>Outras certificacións non comprendidas en apartados anteriores 3,08 €</p>	<p><b>Outros documentos para o departamento de contratación</b></p> <p>Bastanteo de poderes.....<b>10 €</b></p> <p>Compulsas de documentos <b>1 € unidade</b></p>

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “Eu non sei ben se vivo en matrix, se o que nos queren pintar é un mundo feliz, ou se ben a nós nos pasaron outra ordenanza, ou se tentan mentir compulsivamente...

Aparte disto, temos que dicir que segundo a ordenanza que ven pendurada na páxina web da deputación, vemos que a ordenanza que se modifica é practicamente igual a que xa estaba aprobada. Se cabe máis agresiva posto que:

Desaparecen as exencións:

1. As compulsas de documentos esixidos para a obtención de prestación dos servizos sociais municipais.
2. Aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Boqueixón ó respecto.
3. As compulsas de documentos esixidos para a tramitación de axudas e venda/adquisición de gando dos agricultores do Concello de Boqueixón.
4. As compulsas de documentos esixidos para solicitar o novo ingreso ou reserva de prazas no Centro de Atención á Primeira Infancia de Boqueixón.

En canto ás tarifas tan só se modifica:

- A eliminación da busca de documentación no arquivo.
- A realización de fotocopias ou impresións.

Dende o noso punto de vista, se ben pensabamos que se mantiñan as compulsas, dende o noso punto de vista podemos aceptar os tres primeiros conceptos relativos ao urbanismo mais o de seguir cobrando polos dereitos de exame e polo cotexo de documentos para o departamento de contratación, parécenos unha auténtica estafa, tanto aos empresarios como aos propios cidadáns que veñan a realizar un exame para ver a posibilidade de acceder a un emprego público. Parécenos de todos xeitos intolerables. E por economía, tendo en conta a escasa recadación prevista (apenas 1.300 €/anuais), mantémonos ao igual que fixemos nos últimos anos, na tese de solicitar a derogación completa desta ordenanza.”

Neste momento a secretaria-interventora di que non se recollen as exencións porque se eliminaron as compulsas. Só se manteñen no caso de que as empresas que participen nas licitacións, non presenten a documentación compulsada.

(Neste sentido o artigo 146 apartado 1) indica a documentación que deben presentar , e no apartado 4) establécese que nos pregos pódese esixir unha declaración responsable do licitador e no caso de que resulte a proposta de adxudicación ao seu favor, previamente á adxudicación do contrato , deberá acreditar a posesión e validez dos documentos.

Esta declaración responsable bastará nos contratos de obras inferiores a 1.000.000 € e de subministros e servizos inferiores a 90.000 €).

En definitiva, a documentación debe estar sempre, debidamente acreditada, en garantía do procedemento da contratación.

O señor Sanjuás di que están de acordo con esta ordenanza, tal como se presenta a este pleno para a súa aprobación.

Consta no expediente, ademais do informe anteriormente descrito, o informe xurídico descritivo do procedemento e o estudo económico sobre o custo ou valor do recurso ou actividade e sobre a xustificación da contía da taxa proposta.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s acórdase:

1.- Modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, no referido no seu artigo 7:

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

### ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "taxa por expedición de documentos administrativos", que se rexerá polo disposto no devandito RDL e pola presente ordenanza fiscal.

### ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais .
2. Para os efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que se provoque polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediera solicitude expresa do interesado.
3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello, nin tampouco os expedientes de devolución de ingresos indebidos

### ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 , de 17 de decembro, Xeral tributaria que soliciten, ou resulten beneficiadas ou afectadas ou en interese das cales redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

### ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei 58/2003 , de 17 de decembro , Xeral Tributaria.

### ARTIGO 5º. EXENCIONS.

Estarán exentos de aboar os dereitos de exame as persoas que acrediten estar en situación de desemprego.

### ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota da tarifa corresponde a tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

## ARTIGO 7º. TARIFA.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase da seguinte maneira:

<b>Documentación:</b>	<b>TARIFA</b>
Desafectación de camiños a instancia de parte	<b>60,00 €/unidade</b>
Certificacións urbanísticas a instancia de parte	<b>40,00 €/unidade</b>
Informes urbanísticos a instancia de parte	<b>30,00 €/unidade</b>
<b>Certificación de acordos municipais:</b>	
Do ano en curso	<b>1,00 €</b>
De anos anteriores	<b>3,00 €</b>
<b>Dereitos de exame:</b>	
Exame para prazas encadradas no grupo A ou asimilado	<b>18,00 €</b>
Prazas do grupo B ou asimilado	<b>16,00 €</b>
Prazas do grupo C ou asimilado	<b>14,00 €</b>
Prazas do grupo D ou asimilado	<b>12,00 €</b>
Prazas do grupo E ou asimilado	<b>10,00 €</b>
<b>Outros documentos para departamento de contratación</b>	
Bastanteo de poderes	<b>10,00 €</b>
Compulsas de documentos	<b>1,00 €/unidad</b>

## ARTIGO 8º. DEVENGO.

1. Devéngase a taxa, e nace a obriga de contribuír, cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.
2. Nos casos a que se refire o apartado 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio, ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado, pero redunde no seu beneficio.

## ARTIGO 9º. DECLARACIÓN E INGRESO.

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación, polo procedemento do selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento o expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira ou a solicitude non fora expresa.
2. Os escritos recibidos polos condutos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de procedemento administrativo que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dársele curso sen que se emende a deficiencia, para esta finalidade requirírase ó interesado para que, no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.
3. As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de preitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfacera a correspondente cota tributaria.

## ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003 , de 17 de decembro , Xeral Tributaria.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derrogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Publicala no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do concello durante 30 días e considerar o acordo definitivamente adoptado no caso de non presentarse reclamacións.

#### **5. Nomeamento tesoureiro municipal, coordinador de obras e servizos e secretaria interventora accidental**

Con motivo da xubilación do tesoureiro don Jesús Varela Buján, o pleno da corporación celebrado o 8 de xaneiro de 2014, designou novo tesoureiro municipal a don Juan Manuel Corral Sánchez, o cal viña desempeñando estas funcións con total profesionalidade, dedicación, solvencia e honradez.

Dende a toma de posesión da nova corporación constatamos a necesidade dunha persoa para desempeñar as funcións de control dos servizos e obras municipais que se desenvolven fóra do ámbito administrativo e tendo en conta que o actual tesoureiro, don Juan Manuel Corral Sánchez xa estivo desempeñando esa función con anterioridade con motivo da existencia, naquel momento, dun equipo de protección civil é polo que consideramos que é a persoa adecuada para este posto.

Débese ter en conta, así mesmo, que ambas funcións son totalmente incompatibles pois a tesourería – contabilidade esixe dispoñibilidade absoluta, constante e precisa para o seu desempeño mentres que a función de control dos servizos, e obras esixen presenza e traballo de campo que obviamente se desenvolven fóra do edificio administrativo.

Por outro lado, tal e como esixe a Dirección Xeral da administración local, no caso de vacacións ou calquera outra ausencia da secretaria-interventora débese comunicar á subdirección xeral de réxime xurídico local o nomeamento accidental dun/ha funcionario/a que a substitúa nas ditas funcións, polo que se propón o nomeamento dos funcionarios seguintes para os postos que se indican.

O señor Canabal di que non nos imos pronunciar. Se quixeran saber o noso posicionamento, teríannos consultado antes. Así que nos abstemos.

O señor Munín di que aceptan esta proposta.

Sen máis, procédese coa votación e coa abstención do grupo Veciñ@s e a favor do PP acórdase:

1- Nomear aos seguintes funcionarios municipais, administrativos da Administración Xeral, grupo C1 e con ampla experiencia e coñecementos no funcionamento xeral da Administración Local para os seguintes postos:

- Tesoureiro, don Anselmo Caeiro Vilar.
- Secretaria – interventora accidental, dona Adela Lamela Artega.
- Coordinador de obras e servizos, don Juan Manuel Corral Sánchez.

2- Comunicar este acordo aos funcionarios afectados.

## **6. Non subrogación de persoal**

O pleno celebrado o 11 de novembro 2015 acordou xestionar directamente o servizo de abastecemento de auga e subrogar ao operario que presta este servizo con cargo á empresa concesionaria Espina Delfín.

O referido acordo foi comunicado ao traballador así como á empresa con data 17 novembro 2015.

Con data 4 de decembro 2015, a empresa Espina Delfín comunica ao concello que o traballador desexa continuar en nómina da empresa, e que hai outro operario no servizo polo que se pode contemplar a subrogación deste traballador.

Por isto propónse ao Pleno a modificación dese acordo e non iniciar trámites de subrogación.

O señor Canabal di o seguinte Neste caso, se ben mantivemos unha conversa co Alcalde á saída do último pleno extraordinario, e a instancias do noso grupo, para interesarnos polo tema do Abastecemento, chama a atención varias cuestións:

- Puxérase o Concello en contacto con este traballador ao fin de saber o que pensaba da subrogación?
- quen se encarga dende o inicio de ano do abastecemento?
- Cando será o “seu momento” para iniciar os trámites para a contratación do persoal necesario para este servizo?

Non imos a votar en contra, pero neste senso, hai cousas que non “cheiran” ben (e estamos falando de auga limpa). E perdoen a nosa desconfianza.

Responde o señor alcalde que a contratación dunha persoa farase en breve. Que o servizo está cuberto e é o capataz de obras quen está desempeñando correctamente as funcións.

Que por suposto desde o concello puxéronse en contacto co traballador.

O señor Sanjuás di que están de acordo coa proposta da alcaldía así como co que acaba de dicir.

Sen máis, por unanimidade acórdase:

1. Modificar o acordo adoptado polo pleno en sesión celebrada o 11 de novembro de 2015 e consecuentemente non iniciar os trámites para subrogar ao traballador.
2. Proceder, no seu momento, cós trámites procedentes para a contratación do persoal necesario para este servizo.

## **7. Información da alcaldía**

Danse conta dos decretos habidos desde o 9/11/2015 ata o 8/01/2016, dos cales se dan por informados.

## **8. Moción número 24 do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón**

A señora M<sup>a</sup> del Carmen Soutullo Carolo expón a seguinte moción:

“O pleno do Concello de Boqueixón aprobou por unanimidade na sesión do 13 de novembro de 2013 o nomeamento de Xosé Neira Vilas como fillo adoptivo deste concello.

O pasado mes de novembro deixábanos o noso fillo adoptivo, mais a súa obra e a súa figura estarán sempre entre nós. É indubidable a grande labor literaria que Xosé Neira Vilas aportou a este País, así como o cariño e amor á terra que o viu nacer, e sobre todo, aos nenos, para quen escribiu con auténtica devoción.

Neira Vilas dicía: *“Son de Gres, de Vila de Cruces, ... mais os ríos unen e as montañas separan”*.

Sempre se considerou unha persoa desta parte do río, de Ledesma, un veciño máis do noso Concello.

O Grupo Municipal de Veciñ@s quere amosar a súa gratitude a un dos máis insignes persoeiros da Cultura Galega, e devolver, en parte, algo da súa grande xenerosidade. Por iso, queremos trasladarlle ao Consello Escolar do CRA Vedra – Boqueixón unha proposta para que este tome o nome de Neira Vilas, e instar ao Concello de Boqueixón a adoitir unha participación activa na Fundación Neira Vilas.

É por iso que sometemos ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

1. O Pleno do Concello de Boqueixón traslada a petición ao Consello Escolar do CRA Vedra – Boqueixón, ao fin de que este CRA pase a chamarse, CRA Neira Vilas.
2. O Concello de Boqueixón participará activamente na Fundación Neira Vilas ao fin de espallar toda a súa obra.”

O señor alcalde di que lle parece moi oportuna esta moción e por isto acéptana na súa totalidade, aínda que o final será o propio centro rural agrupado quen decida.



Segue dicindo que se dará traslado ó CRA.  
Por outro lado si participará o concello na fundación.

Pregunta o señor Canabal se o CRA ten representante municipal

Responde o señor alcalde que son alternativamente, o de Boqueixón e o de Vedra, e di, así mesmo, que no nomeamento débese poñer CRA Xosé Neira Vilas, o cal é aceptado pola señora Soutullo.

Por unanimidade apróbase a moción número 24 presentada polo grupo municipal de Veciñ@s.

## 9. Rogos e Preguntas

En primeiro lugar faise entrega o señor Barcala da contestación á seguinte pregunta, pendente da anterior sesión plenaria:

*“Sobre a numeración das casas*

*-É un auténtico caos para os carteiros, e cando hai substitucións dos carteiros titulares prodúcense verdadeiros problemas de entregas equivocadas.*

*-Cando se pensa atallar este problema que é xa endémico?”*

*Reponde o señor alcalde que a numeración das vivendas de toda a parroquia de Lestedo está totalmente rematada.*

*Agora mesmo estase adaptando o padrón de habitantes da parroquia á referida numeración para que no menor prazo de tempo posible se proceda a súa aprobación plenaria e posterior comunicación ó INE.”*

O señor Canabal fai a seguinte pregunta:

### 1. Sobre o proceso selectivo dos 5 operarios de servizos múltiples

O pasado sábado estiven vendo o expediente completo dos 5 operarios de servizos múltiples (que por certo, vin que entre o expediente había abondosa documentación orixinal). Foron bastantes cousas as que me chamaron a atención.

En canto á baremación dos méritos vin que había títulos oficiais que non se valoraban, porque non estaban nas bases. Está ben non valoralos, pero o que me sorprende é que as bases non contemplaran a cualificación de títulos regrados e pola contra si o fagan con títulos non regrados.

En canto á proba escrita, non vou a pronunciarme.

En canto á proba práctica, si que observei que as puntuacións non están xustificadas, simplemente aparece en que consiste a proba pero non se xustifican as puntuacións.

Ademais disto, tamén temos que dicir que esta proba práctica é claramente aleatoria tendo en conta a redacción das bases. Estas dispuñan: *“de carácter obrigatorio e non é eliminatorio. Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada polo tribunal antes da realización da mesma, e está relacionada coas tarefas que o posto require, e no tempo que o tribunal determine”*.

Neste caso, as o/s exercicio/s non aparecen especificados nas bases, nin tampouco se sabe que maquinaria se vai empregar, o que é un factor claramente limitante para o que se examina.

Quero dicir que este aspecto de aleatoriedade nas bases e tamén no exame, claramente favorece aos traballadores que traballaron no concello e que están familiarizados coa maquinaria, fronte a outros traballadores, o cal dista moito dos termos de igualdade que deben rexer estes procesos selectivos.

*(Teñan en conta que incluso cando se fai o exame de conducir, o normal, este faise co coche no que se fixeron as prácticas, e non noutro, pois sería difícil que o que vai a exame demostrara a destreza nunha máquina na que non está habituado.)*

Gustaríame pois que puideran explicarme estes temas. Por qué se redactaron as bases deste xeito, por que non se especifican as probas a realizar nas bases e a maquinaria a empregar, e por que non están explicadas as puntuacións das probas prácticas nas actas realizadas nos exames.

E rogo asemade que se corrixa estes defectos en próximas convocatorias.

#### Proba práctica:

-Exercicio 1: Proba de destreza do tractor con desbrozadora. Duración máxima para a realización é de 3 minutos e unha puntuación máxima de 5 puntos.

-Exercicio 2: Proba de destreza coa barredora. Duración máxima para a realización é de 3 minutos e unha puntuación máxima de 3 puntos.

-Exercicio 3: Proba de destreza no montaxe da desbrozadora de man. Duración máxima para a realización é de 3 minutos e unha puntuación máxima de 2 puntos.

Responde o señor alcalde que nas próximas que se realicen indicárase a proba e a maquinaria a empregar.

A señora Soutullo fai os seguintes

#### **ROGOS:**

1- Local municipal.

O grupo de Veciños segue considerando indispensable contar con un local nas dependencias municipais. Non pode ser que para o grupo de veciños non haxa un local disponible e en cambio o grupo do PP utilice as dependencias do concello para reunirse.

2- Limpeza de espazos públicos.

Solicita que cando se realicen festexos se limpe e considerando que, a veces non é fácil pois un festexo pode finalizar ás 3 ou 4 da madrugada, que se peche con valos o espazo co fin de evitar accidentes como o que ten acontecido no ano pasado.

3- Petición da oposición

Solicita que se teñan en conta as achegas da oposición para o bo goberno do concello.

Digo isto porque se lles notifica os veciños na revista municipal da modificación do ICIO aprobado no mes de decembro.

Por que non se di tamén que esta modificación se fixo a instancias de unha moción feita con anterioridade polo grupo de Veciños?

Recoñezan, polo menos , que algo tivemos que ver tamén nós nesta modificación.

## PREGUNTAS

1- En relación con facturas:

¿Cal é o motivo polo que se emite unha factura por importe de 160,93 € por reparación de lavadora, unha factura de arreglo dunha lavadora, un DVD, unha Tablet e un MP4 con cargo o concello.?

Responde o señor alcalde que esta corresponde á escola infantil municipal, tal como así consta na factura

¿Cal é o motivo da factura de 30,40 € do bar Abadía uns cafés, unhas claras de limón, unhas coca colas,?

Responde o señor alcalde que coa propia factura achegouse un informe de data 16/12/2015, no cal se indica que se refire a cafés, bebidas ás que se invitou ós 21 alumnos do curso de operador de carretilla.

¿Por qué se carga ó concello unha factura do restaurante Villaverde por importe de 136,09 € por catro menús ?

Responde o señor alcalde que nesta factura tamén se achega informe no que se indica que se recibiu a visita do Vicepresidente da xunta e outro cargo, ademais dos alcalde de Vedra e Boqueixón. O importe da factura distribuíuse entre os dous concellos.

Di a señora Soutullo que os concelleiros da oposición deberían ter coñecemento e o señor Canabal di que cada quen debería comer na súa casa (ou donde queira) non á conta da Administración e que estes feitos deberían erradicarse.

2- En relación coa revista municipal

Pregunta a señora Soutullo, quen a distribúe entre as vivendas, porque non chegan a todos e pedimos que se reparta por correo ordinario.

O grupo de Veciños non somos partidarios de seguir editando esta revista, xa que consideramos que non é unha revista de información municipal senón que se serve dela o grupo gobernante para darse bombo e publicidade e a oposición non ten opción a participar nela.

Responde o señor alcalde que o reparto faise entre colaboradores e concelleiros e que se fai así por aforrar.

3- ¿Podemos ver o proxecto "Posta en valor do Pico Sacro"? e ¿Podemos os concelleiros da oposición aportar ideas a este plan?

Responde o señor alcalde que si, pero que non é un proxecto senón unha memoria e ademais que incluso se agradecería que se fixeran achegas.

O señor Barcala fai os seguintes

#### ROGOS:

1- Rogo que se reparen as fochancas que hai na pista de Loureda a o Aeroporto, que aparte está toda bombeada polo paso dos camións. Esta era unha das pistas que consideramos de moita importancia para o Concello, por iso se propoñía para aglomerada no Plan POS 2015. Pero vostedes coma sempre só lle votaron un pequeno rego asfáltico, iso si, con moita grava miúda, e agora está xa desfeita e cas cunetas cheas de maleza.

O señor alcalde di que xa falou coa empresa que executou a obra e que as filtracións prodúcense desde que se ampliou a estrada e se botará outra capa de asfalto.

2- Rogo que se solicite o arranxo da estrada a Aríns, volvo a facer este chamamento para que se lle comunique a COTOP, o seu estado con numerosas fochancas cando acaban de facer obras nela hai uns meses.

#### PREGUNTAS

1. Rotulación dos vehículos municipais

Seguen sen rotular, aínda que vostede dixo nunha pregunta anterior que se ían rotular de inmediato

Responde o señor alcalde que hai pedido un presuposto.

2. Sobre internet, fibra óptica, etc, que xa preguntamos noutras ocasións ¿ten algo novo que dicir? Ten vostede algún poder na Xunta? Considera vostede que as redes para a utilización das novas tecnoloxías non son importantes para o noso concello? Sabe vostede que hai empresas que non se instalan aquí por non dispor destas infraestruturas, e outras que as pasan dificultades para desenrolar a súas actividades laborais, así coma numerosos fogares que lles é imprescindible para o seu vivir cotián?

3. ¿Cando se limpará a ponte de Ponte Ledesma e cando se arranxará o alumeadado?

Responde o señor alcalde que se está redactando o proxecto e que a consellería procederá coa contratación en breve.

4. ¿Qué pasa coa pista de Boqueixón a Codeso pasando por Maravexás? Ten case todas as arquetas sen rematar con cemento para poder nivelalas a altura do aglomerado botado esta primavera, na que existía unha partida para este mester? Propoño que non se devolva o aval de garantía ata que estea totalmente rematada.

¿Por qué seguen sen levantar os pozos de rexistro?

Responde o señor alcalde que xa o comprobarán porque cría que xa o estaban.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace  
O alcalde